

AAVV Sta Ana do Pino

E061201100002163

ASUNTO: ALEGACIONS A PROPOSTA DE PROXECTO DE PLAN HIDROLOXICO E INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL DA PARTE ESPAÑOLA DA DEMARCACION HIDROGRAFICA DO MIÑO-SIL

Por resolución da presidencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de 15 de decembro de 2010, anúnciase a apertura do periodo de consulta pública dos documentos “Proposta de proxecto de plan hidrolóxico e informe de sostibilidade ambiental” do proceso de planificación hidrológica correspondente a parte española da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, e polo que consideramos presentar as seguintes

ALEGACIÓNS:

De todos e ben coñecida e recoñecida a riqueza en augas mineromedicinais e termais que manan no Concello de Ourense das que todos os veciños, e visitantes, disfrutamos e nos beneficiamos. A aparición destes mananciais nas ribeiras dos ríos, especialmente no río Miño propiciou que nos últimos anos se realizaran proxectos e instalacións para a sua posta en valor e explotación ademais de crear varios espazos de ocio, deporte, e un circuito peonil integrado na zona verde mais importante da cidade como son as marxes dos ríos.

Este espazo converteuse nunha importante zona de esparcemento e tamén de desenvolvemento de actividades sociais e económicas, ligadas ó turismo e a promoción termal.

Vemos como o longo de cada ano se producen episódios de subidas impredecibles de caudal do Miño afectando non só as instalacións termais e infraestructuras senón tamen a propia actividade de ocio, social e deportiva (pesca, paseos, ...) que poñen en perigo os usuários e causan deterioro ambiental nas ribeiras

Para o permanencia e mellora no tempo destas instalacións,
SOLICITAMOS:

1. Que se incluan en todos los documentos los perímetros de protección das augas termais que nacen no termo municipal do Concello de Ourense, tanto os concedidos como os que están en trámite.
2. Que se acorde a empresa concesionaria da presa de Velle unhas limitacións de caudal e normas de explotación para que non se produzcan subidas e baixas bruscas ó longo do día, e que avise com tempo suficiente en caso de urxencia.

Ourense, 14 de xuño de 2011

Presidenta da Asociación de Veciños de “Sta Ana do Pino”

**PRESIDENTE DA CONFEDERACION HIDROGRAFICA DO MIÑO-SIL
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E MARIÑO
Curros Enriquez, 4-2º 32003 Ourense**